

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ÁS ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS DAS ESCOLAS,
COLEXIOS E INSTITUTOS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO 2016**

(aprobada por Decreto de Alcaldía do 25/11/2016)

D./Dna. con DNI
e enderezo a efectos de notificación
teléfono.....en calidade de presidente/a da ANPA
con CIF pertencente ao Centro

EXPÓN: Que tendo coñecemento da Convocatoria a ANPAS das escolas, colexios e institutos de Carballo para a realización do Programa de Actividades do ano 2016 e aceptando as Bases desta Convocatoria

SOLICITA: A participación na citada Convocatoria

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA: (é imprescindible presentala con esta solicitude)

- Fotocopia do DNI do representante da entidade
- Número de alumnos/as matriculados no centro ao que corresponde a ANPA no curso 2015-2016
- Proxecto da actividade (a cubrir no impreso)
- Declaración clasificada e detallada dos gastos e ingresos da actividade subvencionada asinada polo secretario/a e director/a do centro (a cubrir no impreso)
- Declaración da realización do programa de actividades (a cubrir no impreso)
- Documentos que demostren a realización do actividade subvencionada.
- Facturas gastos do programa subvencionado, por importe igual ou superior á subvención
Ata un máximo de 700 €
- Relación clasificada de facturas
- Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións publicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto. (a cubrir no impreso)
- Declaración xurada de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seg. Social (a cubrir no impreso)
- Certificación da Conta Bancaria a nome da Asociación (IBAN)

Carballo, de de 2016

Asdo.:

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Do 1 ao 16 de decembro

Rexistro Xeral do Concello (preferentemente no Rexistro existente no Pazo da Cultura)

SR. ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

RESPONSABLE DA ACTIVIDADE:

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

OUTRA ENTIDADES QUE COLABORAN:

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO AO QUE CORRESPONDE A ANPA NO CURSO 2015-16 E

NÚMERO DE PAIS E NAIS QUE FORMAN PARTE DA ASOCIACIÓN

Número de alumnos matriculados no Centro ao que corresponde a ANPA no Curso 2015-16.....

Número de pais e nais que forman parte da Asociación no momento de presentar a solicitude

DECLARACIÓN CLASIFICADA E DETALLADA DOS GASTOS E INGRESOS DA ACTIVIDADE SUBVEN

Considéranse **gastos subvencionables** aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido. So se admitirán facturas de gastos de comida e bebida por un importe máximo total do 50% do importe da subvención concedida.

INGRESOS (imprescindible desglosar)

PROCEDENCIA	Descrición denominación ou obxecto da subvención	IMPORTE
Aportación dos participantes na actividade		
Aportación do Centro Educativo		
Deputación		
Xunta de Galicia		
CONCELLO DE CARBALLO		
Aportación doutras entidades, empresas... (especificar cales)		
TOTAL INGRESOS		

GASTOS (imprescindible desglosar)

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

Vº e Pr.
O/a director/a

Asdo.: O/a secretario

RELACIÓN CLASIFICADA DAS FACTURAS PRESENTADAS PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN ANPAS 2016

(Só se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada responden á natureza da actividade subvencionada e resulten estrictamente necesarios e se realicen no prazo establecido .Non se admitirán gastos de comida e bebida e só se admitirán facturas de gastos de mantemento e protocolo por un máximo do 25%do importe da subvención concedida.)

CONCEPTO DO ORZAMENTO	DATOS DO ACREEDOR		CONCEPTO DO GASTO FACTURADO	TIPO DOCUMENTO (factura , recibí)	Nº	IMPORTE	SUBVENCIÓNABLE (a cubrir pola administración) (Subvención:	
	EMPRESA	NIF/CIF					IMPORTE	CONCEPTO
						IMPORTE TOTAL PRESENTADO:	I SUBVENCIÓNABLE PRESENTADO:	

DECLARACIÓN DA REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES OBXECTO DA SUBVEN.**NOME DO PROXECTO OU ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN:**

	NOME DA ACTIVIDADES E BREVE DESCRICIÓN PROGRAMA	DATAS	LUGARES DE CELEBRACIÓN	DESTINATARIOS	Nº PARTICIPANTES
1					
2					
3					
4					
5					
6					

Vº e Pr.
O/a director/a

Asdo.: O/a secretario/a

**DOCUMENTOS QUE DEMOSTREN A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E A COLABORACIÓN DO
CONCELLO** (noticias de prensa, fotografías, folletos ou carteis ...)

Indicar os documentos que se entregan

.....
.....

No caso de que non fora posible a aportación desta documentación explicar o motivo

.....
.....

**DECLARACIÓN CLASIFICADA DAS AXUDAS E SUBVENCÍONS CONCEDIDAS PARA A MESMA
FINALIDADE**

D./Dna. con DNI

.....
como representante da entidade

DECLARA

- Que para a mesma finalidade ten concedidas, ou notificadas sen aínda telas percibidas, as seguintes subvencións:

ORGANISMO / ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
.....
.....
.....

- Que non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención para esta finalidade

Carballo, de de 2016

Asdo.:

**DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA
SEGURIDADE SOCIAL**

D./Dna. con DNI

como representante da entidade

DECLARA

Que a entidade á que represento está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social.

Carballo, de de 2016

Asdo.:

IMPORTE DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DOS PERCEPTORES

1.- Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto polo Concelleiro de Cultura e aprobados polo órgano correspondente, consonte ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examinaranse e serán outorgadas sempre que se cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria.

O importe das axudas será de 700€ por Anpa.:

En calquera caso o presuposto de gastos do proxecto presentado pola ANPA deberá ser superior ao importe da subvención.

2.- As entidades receptoras das subvencións estarán obrigadas a:

- Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto. No caso de producirse calquera alteración importante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ao Concello, que deberá autorizar o cambio. No caso de imposibilidade de realizar a actividade poderán solicitar que se lles autorice un cambio no obxecto da subvención e o Concello poderá autorizar o mesmo e manter a subvención.

- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade das actividades organizadas pola asociación a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.

- No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.

- Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.

- Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.

- Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- Xustificar a actividade subvencionada nos prazos e condicións que se sinalan no apartado seguinte.

- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

3.- Prazo de xustificación

Dado que as Bases establecen o importe das axudas e que a actividade debe estar finalizada con data de 30 de novembro de 2016, xunto coa solicitude entregarase a documentación precisa para a xustificación da subvención.

Finalizado o prazo sen que as entidades presentasen a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Cultura requiriralle para que no prazo improrrogable de dez días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de subvencións

4.- Documentación xustificativa

- Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención e memoria da actividade realizada, dos resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o Concello.

- A memoria acompañarase de documentos que demostre a realización da actividade subvencionada, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... No caso de que non fora posible aportar algún destes documentos explicarase o motivo.

- Declaración clasificada e detallada dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizadas pola entidade, asinada pola secretario/a e presidente/a da asociación.

- Facturas correspondentes as actividades ou gastos do programa subvencionado, por un importe igual ou superior á subvención concedida, e relación clasificada das facturas presentadas con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento ao que corresponden, do acreedor, documento, importe e data de emisión.

Para a xustificación, non se admitirán gastos correspondentes a comida ou bebida e só se admitirán facturas de gastos de mantemento da asociación e atencións protocolarias por un importe máximo total do 25% do importe da subvención concedida.

As facturas deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas e deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todos os casos, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concederá a subvención.

No caso de presentación de facturas por un importe inferior ao da subvención, aboarase só o importe presentado.

- Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social. Se a contía da subvención superase os 3000€ os beneficiarios deberán entregar certificación da Seguridade Social acreditando estar ao corrente das obrigas tributarias.

- A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

- De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable do tratamento dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellaría de Cultura comprométese a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico lopd@carballo.org ou chamando ao tño.981 704